



YOLO (YOU ONLY LIVE ONCE)

CÍA. LUCAS ESCOBEDO

Auditorio de Galicia
27 de novembro
18.30 h

3 € | >6 anos | 70 min | Castelán

YOLO, só se vive unha vez, é un canto á vida a través do circo, un berro de loita para asolagar o escenario e encher o patio de butacas de ilusión. É ese empurrón que necesitamos para comezar a construír os nosos sonhos. YOLO é o sonho de alguén feito realidade.

DEJÀ VU

MANOLO ALCÁNTARA

Auditorio de Galicia
28 de novembro
18.30 h

3 € | >7 anos | 60 min

Un espectáculo visual, suxestivo, arriscado, sen texto, con música en directo. Posiblemente unha das mellores creacións circenses dos últimos anos, do Premio Nacional de Circo Manolo Alcántara.

DEJÀ VU fálanos da distancia entre unha persoa e os seus sonhos, do que é e o que lle gustaría ser.

Un espectáculo no que se difuminan as fronteiras entre a realidade e fantasía a partir dunha historia cun punto de melancolía.

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal

Despacho de billetes da Zona C. Punto de Información Cultural. Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h. Domingos de 11 a 14 h. Teléfono 981 542 462

Nos despachos de billetes dos espazos escénicos 1 hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais naquelas funcións marcadas con desconto

- Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e membros de familias monoparentais ou numerosas.

- Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Debido á situación actual provocada pola pandemia orixinada polo COVID-19, en calquera momento poderán modificarse as normas de organización e acceso ao recinto, así como os horarios das funcións, segundo as indicacións sanitarias de cada momento.

Pregamos contraste a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

PROTOCOLO DE ACCESO A ESPECTÁCULOS EN ESPAZOS PECHADOS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

Será de aplicación a normativa vixente en cada momento e, así mesmo, a cabida dos espazos escénicos está limitada ao que recolla a orde vixente no momento da función.

O acceso dos espectadores estará condicionado en todo caso sempre a:

- Uso obrigatorio de máscara
- Desinfección de mans
- Distancia mínima entre persoas esixida pola normativa vixente
- Entrada e saída das instalacións de forma graduada mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. Para iso, o control de acceso realizarase mediante os postos de tiqueo desatendido que permitirán que cada persoa que acceda poida ticar a súa entrada sen contacto físico e mantendo a distancia de seguridade.

Se presenta algún síntoma relacionado coa COVID-19, pregamos non acceda ás instalacións.

C

Compostela
Cultura

Viva
a escena!
Segundo
semestre
2021

It's a Wrap

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU





LOS PAZOS DE ULLOA

SECUENCIA 3, LA VILLAROEL,
SAGA PRODUCCIONES Y
OLYMPIA METROPOLITANA

Auditorio de Galicia
1 de outubro
20.30 h

14 € | Descostos do 50% | Adultos |
90 min | Castelán

O ano da conmemoración do centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, é celebrado con esta montaxe de altura moi vencellada á nosa cidade. Esta versión teatral de *Los Pazos de Ulloa* céntrase no enfrontamento entre a crueldade e o desexo, a paixón e o amor, a violencia rural do mundo caciquil e a cortesía e as boas maneiras da cidade (Santiago de Compostela). Pola obra desfilan un cacique, un cura con paixóns contidas (coma o célebre “El pájaro espino”), unha muller namorada...



N.E.V.E.R.M.O.R.E.

CHÉVERE

Auditorio de Galicia
22, 23 e 24 de outubro
20.30 h

Estrea en Galicia

📢 #Posfunción: 22 de outubro ao remate do espectáculo

12 € | Descostos do 50% | Adultos |
115 min | Galego

NEVERMORE pódese referir tanto a corvos que falan como a pobos que berran, pero a intención é a mesma: facer memoria. A idea é seguir usando procedementos documentais para crear ficcións a partir da nosa memoria colectiva. Neste caso dispoñémonos a comprobar se a historia do Prestige foi algo máis ca unha catástrofe ecolóxica, porque ao mellor é unha metáfora da hostia e haina que entender como un aviso do que estaba por chegar.




IT'S A WRAP [KUBRICK IS DEAD]

LA INTRUSA

Auditorio de Galicia
19 de novembro
20.30 h

10 € | Descostos do 50% | >12 anos |
90 min

Seis personaxes da filmografía de Kubrick, tras a morte deste, tentan defender a súa identidade e dar forma ao seu propio destino, á súa auténtica creación: o seu eu mesmo. A partir de este marco de ficción La Intrusa presenta unha peza que reflexiona sobre o instante entre a fin dunha cousa e o principio de outra. A danza mestúrase con outras disciplinas: elementos escénicos, musicais e audiovisuais interveñen para interrogarse sobre a capacidade de adaptación ás diferentes situacións vitais.



SUSPENSIÓN

NUEVEUNO

Teatro Principal
26 de novembro
20.30 h

10 € | Descostos do 50% | >14 anos |
60 min | Castelán

Vemos en escena a cinco homes. Son normais, están subidos nun escenario. Cada un distinto e todos iguais. Cóidanse, empúrranse e celebran xuntos. Están a lanzar coitelos contra a súa propia sombra, mirando para si, movendo os focos para iluminar espazos distintos, mostrando a súa intimidade, e espíndose para escoitar. Homes que se cuestionan constantemente, pero se deleitan na súa propia identidade... son, ao fin e ao cabo, cinco homes.



C

Compostela Cultura

ARTES
ESCÉNICAS

EN FAMILIA

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 55 22 90
Despacho de billetes: 981 571 026
info@auditoriodegalicia.org

TEATRO PRINCIPAL
Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
Oficinas: 981 542 347
Despacho de billetes 981 542 349
tprincipal@santiagodecompostela.gal

ZONA C. PUNTO DE
INFORMACIÓN CULTURAL
Rúa Preguntoiro, nº 1
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981542462
zonac@compostelacultura.gal

f CompostelaCultura
t CCultura
@ CompostelaCultura
v CompostelaCulturaTV
l compostelacultura.gal

Máis información
compostelacultura.gal

